

# MATRIA

Álvaro Gago, 2023

# 1083

ESTREA EN NUMAX: 24.03.2023 | V.O. | +12 | 99 min

Ramona vive nunha vila de Galicia sumida nun contexto laboral e persoal tenso e impredecible. Despois de sempre sacrificar todo polo futuro da súa filla Estrella, verase empurrada a mirar cara dentro e pensar que, tal vez, haxa algo novo polo que vivir.

«Enfebrecida, vibrante e radicalmente viva»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Entrevista con Álvaro Gago: «Quero renderlle homenaxe a Francisca da única forma que coñezo»

**No 2017 filmaches unha curta co mesmo título e protagonizado por Francisca Iglesias Bouzón. Querías volver a esta historia desde entón?** Sempre quixen facer unha longametraxe, antes incluso de traballar na curta. Quedaban moitos aspectos de Ramona por explorar. Francisca é a miña amiga e, a pesar de que xa non é a protagonista, segue formando parte do filme. Ela foi a primeira na que pensei para o papel, pero despois de traballar na curta, non estaba segura de poder facer a longa porque foron uns días moi intensos. Agora xa sabe o que supón traballar nunha rodaxe e ela non se encontra ben fisicamente. Leva traballando toda a vida, desde os oito anos. As dúas estivemos de acordo en deixar o filme en mans doutra persoa. Francisca está moi contenta coa escolla de María. Consultei con ela antes que nada para que seguise formando parte de todo o proceso.

**O filme está baseado en feitos reais, e non só iso: son feitos que sucederon na túa familia.** Francisca comezou a traballar na casa do meu avó cando faleceu a súa muller, a miña avoa, hai máis dunha década. Estaba moi deprimido e non quería saír moito, pero ela irrompeu na súa casa coa enerxía dun tornado e devolveulle as ganas de vivir. Durante esa época, pasei moito tempo con eles e puíden presenciar esa tenrura tan natural que desprende e a súa desbordante xenerosidade. Ao comezo, eu non sabía moito dela. Só coñecía a súa forma de ser, a súa actitude. Co paso do tempo, fomos coñecéndonos e comecei a admirala aínda máis a cada día que pasaba.

Encántame estar con ela, faime rir moito. Cando algo me preocupa, falo con ela e desaparecen todas as miñas preocupacións. Ten ese poder. Axúdame a ver as cousas con perspectiva. É moi terapéutico. Creo que os dous proxectos me serviron como escusa para pasar tempo con ela e quero renderlle homenaxe a través da única forma que coñezo. Quería que sentise que todos a vemos, porque moitas veces non o sente. A miúdo di que se sente invisible.

**Ramona está sempre correndo dun sitio a outro, facendo un millón de cousas á vez. Ata fala rápido. Ás veces, vela así pode poñer nervioso o espectador.** Na realidade, os seus días son así. Quería que o espectador sentise ese frenesí. O filme é como unha montaña rusa que vai baixando o ritmo gradualmente, cando Ramona comeza a mirar no seu interior. Ao principio, desvélase polos demais, pero tamén ten que aprender a prestar atención ás súas propias necesidades. Cando gravamos a curta, pregunteille a Francisca que pensaba que pasaría se ela parase e ela respondeume que era mellor que non o fixese. De certa maneira, ela necesita ese incansable ritmo para sobrevivir. Do contrario, comezaría a pensar nos seus problemas e veríase superada.

**É complicado ter sentido do humor cando sentes que te estás fundindo, pero iso é precisamente o que fai Ramona no filme.** Para Ramona, esa é a única opción que ten, igual que Francisca. As súas compañeiras de traballo tamén aparecen no filme e notei condutas moi similares, pero Ramona é quen solta as bromas no momento perfecto.

Ramona non ten unha vida fácil e fai todo o posible por sobrevivir, pero quero destacar a súa actitude e o seu sentido do humor. Iso permitíume crear un personaxe que non cae no vitimismo.



Na librería  
**NUMAX**  
numax.org/librería

*Tea Rooms.*

*Mujeres obreras,*

Luisa Carnés.

Hoja de Lata, 2023

*Amor de tango,*

María Xosé Queizán.

Xerais, 2023

*Las que limpian /*

*As que limpan,*

VV. AA.

Ministerio de Cultura, 2022